

Un día con Plácido Castro

Description

É unha das figuras máis sobranceiras do galeguismo, con máis enxundia, e, sen embargo, unha das máis descoñecidas, aínda que sempre gozou de gran audiencia e respecto no seu medio. Dese recoñecemento dan idea os 1.654 votos – máis que o propio Castelao-, recibidos na III Asemblea que o Partido Galeguista celebrou en Pontevedra a comezos dos anos trinta e que o elixiu como secretario de relacións internacionais. Dende esa e outras tribunas desenvolveu a súa identificación con un nacionalismo moderno e progresista, asentado na defensa daquelas tradicións que configuran a nosa identidade, vertebrador dunha política constructiva que había facer máis doada a colaboración e a solidariedade entre os pobos e as nacións, contribuíndo ó deseño dunha arquitectura conceptual do galeguismo universalista.

A súa foi unha viaxe moi particular. Pode dicirse que chegou ó nacionalismo, entre outras vías, como consecuencia da profunda admiración polo *modus vivendi* británico. En suma, unha pequena illa era tan importante por que conservou e dignificou as súas mellores tradicións. Por iso Plácido preocupouse moito de afondar na definición e defensa da nosa particular personalidade, no celtismo, na saudade, desfacendo tópicos e reformulando afirmacións vividas ata entón, e quizáis aínda hoxe, como incuestionables dogmas de fe. Foi Plácido, por exemplo, quen alertou sobre o valor da saudade, habitualmente estigmatizada como un sentimento negativo e deprimente, asegurando, pola contra, que nela reside boa parte da nosa forza espiritual.

Na súa primeira etapa británica (1918-1930), exerceu de colaborador de diarios e revistas como o *Informaciones de Madrid* ou *El Pueblo Gallego*. Sería esa outra das constantes ó longo de toda a súa vida, a vocación periodística, concretada máis adiante en *A Nosa Terra*, en *Ser*, en *La Nación* de Buenos Aires ou no *Jornal de Noticias* de Porto. As súas magníficas traducións de Yeats, de Christina Rossetti e, sobre todo, da versión de Fitzgerald de *As Rubáiyát*, de Omar Khayyám, poeta persa do século XI, constitúen pezas de incalculable valor que paga a pena rescatar.

O seu nome quedará asociado por sempre ó recoñecemento da nosa Terra como unha nación europea, feito que se produciu naquel Congreso celebrado en 1933 en Berna, na capital da que anos adiante sería a Suíza da nosa emigración. O propio Castelao lembra e destaca no seu *Sempre en Galiza* a transcendencia deste paso. Foi Plácido a voz que deu a coñecer Galicia á Sociedade das Nacións, a mesma que décadas despois tomaría parte activa no desenvolvemento do primeiro programa estable en idioma galego no mundo da radiodifusión, emitindo dende as ondas da BBC británica.

Gilbert Keith Chesterton, o escritor inglés a quen el tanto admiraba, gostaba dicir que "o único gran home é aquel que fai que cada home se sinta grande". Eso é o que Plácido quería para Galicia, que todos e cada un dos galegos nos sentisemos grandes, orgullosos de nós mesmos, da nosa condición, desexosos de compartila, de aportala xenerosamente á civilización universal.

Para lembrar a súa memoria, reuniremonos en Vilagarcía o próximo 25 de xaneiro, cando soamente quedan dous anos para cumprirse o centenario do seu nacemento, e reflexionaremos con Fernando Pérez-Barreiro, outro galego bo e xeneroso, sobre ese proceso político apasionante que vive a Irlanda que o noso Plácido tanto amaba.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 24, 2000

Meta Fields

Autoría : 3717

Datapublicacion : 2000-01-24 00:00:00